



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Curso de especialización en Dereito da Publicidade

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Históricos EGAP

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	52
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2011
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	SUPERIOR	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 22/02/2011 - 00:00h ao 03/03/2011 - 23:59h

2. DESCRICIÓNS

DESCRIPCIÓN CURSO

O presente curso superior ten como obxectivo principal ensinar os elementos do Dereito da Publicidade aos alumnos a través de clases teóricas e prácticas.

DESTINATARIOS

1.- Empregados/as públicos/as das Administracións públicas de Galicia, tanto autonómica como local e de xustiza, das universidades do sistema universitario de Galicia e persoal das entidades do sector público, que cumpran algún dos seguintes requisitos:

- Pertencer ao grupo A (Subgrupos A1 e A2) do persoal funcionario, ou aos grupos I e II do persoal laboral incluído no ámbito de aplicación do V Convenio Colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.
- Pertencer ao grupo C (Subgrupo C1) do persoal funcionario ou III do persoal laboral incluído no ámbito de aplicación do V Convenio Colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia e estar en posesión do título de licenciado, diplomado, universitario ou equivalente.

2. -Os profesionais/interesados en xeral que dispoñan do título de licenciatura, arquitectura, enxeñaría, arquitectura técnica, enxeñaría técnica ou diplomatura universitaria.

Para este grupo reservárase un 10% do total das prazas convocadas.

As prazas vacantes que se poidan producir en calquera dos dous grupos poderanse incorporar ás do outro.

Este curso valorárase con 0,80 puntos a aqueles/as alumnos/as que fosen considerados aptos á finalización do mesmo e polo tanto, teñan dereito a un certificado de aproveitamento, sempre que cumpran os requisitos para a aplicación do establecido na Resolución do 26 de outubro de 1994, do Instituto Nacional de Administración Pública, pola que se establecen, de acordo coas Comunidades Autónomas, os criterios de recoñecemento e valoración dos cursos de Formación e Perfeccionamento de Administración Local, en cumprimento do establecido na Orde do Ministerio para as Administracións Públicas do 10 de agosto de 1994, da Resolución do 30 de novembro de 1994, do Instituto Nacional de Administración Pública pola que se corríxen erros da Resolución de 26 de outubro de 1994 e tamén do establecido no Decreto 49/2009, de 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal (DOG n.º 52 do 16 de marzo de 2009).

PROGRAMA

- O concepto de publicidade.
- A Directiva comunitaria sobre publicidade enganosa e comparativa.
- A Directiva comunitaria sobre comunicación audiovisual.
- A Directiva comunitaria sobre a publicidade de medicamentos.
- A Directiva comunitaria sobre a publicidade de tabaco.
- A Directiva comunitaria sobre prácticas comerciais desleais fronte aos consumidores.
- A publicidade contraria aos valores e dereitos constitucionais.
- A publicidade enganosa.

- A esaxeración publicitaria.
- A publicidade encuberta.
- A publicidade indirecta.
- A denigración publicitaria.
- A publicidade de ton excluín-te.
- A Lei de Defensa da Competencia e a publicidade.
- A publicidade confusionista.
- A publicidade adhesiva.
- A publicidade financeira.
- A cláusula xeral prohibitiva da publicidade ilícita.
- A publicidade comparativa.
- O delicto publicitario.
- O contrato de publicidade.
- A creación publicitaria e a imitación.
- As accións para prohibir a publicidade ilícita e desleal.
- O procedemento xudicial en materia de publicidade ilícita e desleal.
- A publicidade institucional estatal.
- A publicidade institucional nas Comunidades Autónomas.
- A Constitucionalidade da Lei Xeral de Publicidade.
- A publicidade e as denominacións de orixe.
- A publicidade exterior.
- A publicidade en Internet.
- A autodisciplina publicitaria en Italia.
- A publicidade en Galicia.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Os/as participantes serán seleccionados/as por unha comisión técnica, designada para o efecto, cuxa composición será publicada no portal web da EGAP.

A selección dos aspirantes efectuarase de acordo cos seguintes criterios:

- Utilidade do curso para o desenvolvemento da actividade profesional do candidato, tendo prioridade os/as empregados/as públicos cuxo posto de traballo estea directamente vinculado coas materias obxecto deste, que se acreditará mediante as certificacións do/da titular do Centro Directivo ou da Xefatura Territorial na que preste servizos.
- Grao de responsabilidade asignado en función do posto de traballo que se desempeñe.
- Cursos realizados relacionados co contido do curso.

En calquera caso, esta convocatoria rexerese subsidiariamente polos criterios de participación nas actividades docentes da EGAP, contidos na Resolución de 4 de xaneiro de 2008 da EGAP, publicada no DOG n^o 7 do 10 de xaneiro.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: SANTIAGO DE COMPOSTELA

INICIO / FIN: 14/03/2011 a 02/05/2011

NUM. PRAZAS: 50

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

SALON DE ACTOS: O día 02 de maio de 16:00 a 20:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 5: Os días 14, 15, 21, 22, 28 e 29 de marzo de 16:00 a 20:00. Os días 04, 05, 11, 12, 25 e 26 de abril de 16:00 a 20:00. O día 02 de maio de 16:00 a 20:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

